




Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 03-07 Páx. 1 de 1	<b>FERRAMENTAS MANUAIS</b>

<b>RISCOS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Golpes e cortes nas mans ocasionados polas propias ferramentas durante o traballo normal con estas.</li> <li>• Golpes en diferentes partes do corpo ao despedirse a propia ferramenta ou o material traballado.</li> <li>• Lesións oculares ocasionadas por partículas que proveñan dos obxectos traballados e/ou da propia ferramenta.</li> <li>• Contactos eléctricos.</li> <li>• Escordadura por esforzos excesivos ou xestos violentos (manipulación manual de cargas, posturas de traballo etc).</li> </ul>

<b>CAUSAS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abuso de ferramentas para efectuar calquera tipo de operación.</li> <li>• Uso de ferramentas inadecuadas, defectuosas, de mala calidade ou mal deseñadas.</li> <li>• Uso de ferramentas de forma incorrecta.</li> <li>• Ferramentas abandonadas en lugares perigosos.</li> <li>• Ferramentas transportadas de forma perigosa.</li> <li>• Ferramentas mal conservadas.</li> </ul>

<b>MEDIDAS PREVENTIVAS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Antes de comezar o traballo verifique periodicamente o estado das ferramentas. Mantéñaaas en bo estado, substitúa aquela ferramenta que presente algunha anomalía. Durante o seu uso estarán libres de graxas, aceites e outras substancias esvaradías.</li> <li>• Prohibese colocar ferramentas manuais en lugares elevados dende os que poidan caer sobre os traballadores ou persoas alleas.</li> <li>• Utilizaranse ferramentas axeitadas a cada traballo na maneira e co fin para o que se fixeron. Cando a ferramenta posúa instrucións, seguíranse con exactitude.</li> <li>• En traballos con tensión utilizaranse ferramentas co illamento idóneo.</li> <li>• No caso das ferramentas eléctricas revisaranse periodicamente: o estado das súas proteccións, o illamento, o fusible, o estado do cabo e do enchufe.</li> <li>• Se utiliza ferramentas pneumáticas, revise periodicamente o estado das abrazadeiras, das xuntas, e da manguera de aire comprimido.</li> <li>• Evitarase o transporte e custodia das ferramentas nos petos da vestimenta (en especial, ferramentas cortantes e punzantes). Utilizaranse caixas ou fundas axeitadas.</li> <li>• Ao finalizar o traballo gardaranse en lugares destinados para a súa almacenaxe.</li> <li>• Utilizaranse os equipos de protección individual que se indiquen para cada caso.</li> </ul>

<b>EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL</b>		
		
<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; width: fit-content; margin: auto;">           PROTECCIÓN OBRIGATORIA DAS MANS         </div>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; width: fit-content; margin: auto;">           PROTECCIÓN OBRIGATORIA DOS PÉS         </div>	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; width: fit-content; margin: auto;">           PROTECCIÓN OBRIGATORIA DA VISTA         </div>

<b>REALIZADO</b>	<b>MODIFICADO</b>
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 27/08/2007  Asdo.: M. <sup>a</sup> José Montero Vilarino	 M. <sup>a</sup> Carmen Álvarez González Data: 08-06-2013  Asdo.: M. <sup>o</sup> José Montero Vilarino